

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non estea destinado á formación: tempo efectivo de traballo.

Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional. 50% o primeiro ano e 60% o segundo ano.



Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

Cales son as empresas nas que podo cursar esta FP Dual?

Na actualidade, poderás cursar este ciclo con:

- **INTAF PROMECAN** (Narón)
- **ACEBRON GROUP** (As Pontes)
- **Mecanizados SMI** (Vilalba)
- **DEMAQ** (Vilalba)

Cales son os requisitos para acceder á FP dual?

- Ter dezoito anos (ou cumprilos no ano natural en que comece o ciclo formativo).
- Carecer da cualificación profesional requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.



CIFP FERROLTERRA
Rúa Ramón y Cajal s/n
15403 Ferrol - A Coruña



cifp.ferrolterra@edu.xunta.es
981-333107
f FerrolterraCIFP
@ cifpferrolterra

Reserva a túa praza a partir da 2ª quincena de xuño



Ciclo Superior en Programación da produción en fabricación mecánica



**FP
DUAL**



Formación Profesional
Formación de Futuro



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Que vou aprender e facer?

- Planificar, programar e controlar a fabricación por mecanizado e montaxe de bens de equipo, partindo das especificacións dos produtos para fabricar, asegurando a calidade da xestión e dos produtos, así como a supervisión dos sistemas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.
- Elaborar os procedementos de montaxe de bens de equipo.
- Determinar os procesos de mecanizado.
- Supervisar a programación e posta a punto das máquinas de control numérico, robots e manipuladores para o mecanizado.
- Programar a produción utilizando técnicas e ferramentas de xestión informatizada.
- Determinar o aprovisionamento necesario.
- Asegurar que os procesos de fabricación axústanse aos procedementos establecidos.
- Xestionar o mantemento dos recursos.

Estes ensinos inclúen os coñecementos necesarios para levar a cabo as actividades de nivel básico de prevención de riscos laborais.



Plan de formación

Os módulos profesionais deste ciclo formativo son os seguintes:

- Interpretación gráfica.
- Definición de procesos de mecanizado, conformación e montaxe.
- Programación de sistemas automáticos e fabricación mecánica.
- Execución de procesos de fabricación.
- Verificación de produtos.
- Mecanizado por control numérico.
- Fabricación asistida por computador (CAM).
- Programación da produción.
- Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.
- Proxecto de fabricación de produtos mecánicos.
- Formación e orientación laboral.
- Empresa e iniciativa emprendedora.

Nota. Os módulos en cor claro están asociados a algunha unidade de competencia.

Cales son as saídas profesionais?

- Encargado de instalacións de procesamento de metais
- Encargado de montadores
- Encargado de operadores de máquinas para traballar metais
- Programador de CNC
- Programador de sistemas automatizados en fabricación mecánica
- Técnico en mecánica



Cualificacións profesionais e Certificados de Profesionalidade:

Exerce a súa actividade nos sectores de fabricación (arranque de labra, forxa, estampaxe, montaxe, mantemento).

- Produción en mecanizado, conformación e montaxe mecánica.
- Xestión da produción en fabricación mecánica.

